



OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

6. ERMIDA DE O VISO



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 580710 Y 4647722



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado Ermida de O Viso pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”. Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

Podemos ver os montes Pisco, Xurés, Santa Eufemia, Quinxo e Laboreiro, así como gran parte do val do río Limia e, se o ambiente é moi limpo, a chaira da conca de Xinzo de Limia coa serra de San Mamede ao fondo, mirando ao nordés.

A serra de Laboreiro está formada por rochas metamórficas (lousas, xistos e migmatitas). Estas rochas erosionáanse máis facilmente polo que dan relevos máis suaves.

Cara ao sur-suroeste vemos un val recto que penetra na serra do Xurés e sepáralo da serra de Santa Eufemia. É o val do río Caldos augas arriba dende o Balneario de Lobios ata o seu nacemento en Portela do Home. Neste tramo, o río Caldos segue unha falla, polo que ten unha liña tan recta.

Ao suroeste vemos unha zona de prados salpicados de moitas vilas (Torneiros, Sabariz e Canle). É o val do río Grou, que ten a mesma dirección que o río Caldos, xa que esta falla tamén segue entre Parada do Monte e a súa desembocadura. Pero un río desprázase respecto ao outro, xa que outra falla posterior, en dirección leste-oeste, desprazou a primeira.